

## Tema 5:

### A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E O IMPERIALISMO

#### **1. AS NOVAS FORMAS DO CAPITALISMO** (esquema páx. 158)

##### **1.1. A expansión da industrialización**

- Hexemonía industrial británica: primeira potencia mundial (ata 1914).
- Industrialización doutros países europeos: Italia, Rusia, Bélxica, Holanda, España...

##### **1.2. As novas potencias industriais**

- Amezan a hexemonía británica.
- Alemaña: rivalidade con GB.
  - Unificación política e desenvolvemento industrial (tecnoloxía e novos sectores industriais).
  - Relación entre banca e industria.
- Estados Unidos:
  - Abundancia de recursos básicos.
  - Construcción de ferrocarril.
  - Importancia do petróleo.
  - Creación de novos sistemas de produción capitalistas.
  - Salarios altos: alto nivel de consumo=incremento da demanda.

##### **1.3. Os ritmos da economía capitalista**

- Mundialización da economía.
- A produción industrial chega a case todos os lugares do mundo, grazas aos transportes.
- Mundialización e imperialismo.
- Creación dun mercado internacional e choques entre as potencias.
- Ritmos cíclicos da produción: expansión e crise.
- Crise de escaseza ou subsistencia/crise de superproducción.

##### **1.3. A primeira Gran Depresión: 1873-1896** (esquema páx. 143)

- Crise da agricultura: a masiva emigración europea a novos países favoreceu o incremento da produción agrícola nestes territorios, o que fixo que os prezos dos produtos europeos diminuíran.
- 1873: crise da bolsa de Viena, que provoca a quebra da banca en Estados Unidos, GB e Francia.
- Consecuencias:
  - Caída dos prezos.
  - Paro obreiro.
  - Rivalidade entre as potencias.

#### **2. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL**

- A Crise de 1873 provocou axustes no sistema produtivo.

##### **2.1. Concentración de empresas** (doc. páx. 145)

- Holding, cartel e trust.
- Estes procesos puxeron en perigo a competencia: leis antitrust.

##### **2.2. Proteccionismo económico**

-Para facer fronte ás consecuencias económicas, os países impuxeron aranceis aos produtos estranxeiros (proteccionismo).

### **2.3. Progreso técnico e innovacións tecnolóxicas**

- Novos materias: aceiro.
- Novas fontes de enerxía: electricidade, petróleo.
- Inventos que afecta á vida cotiá: electricidade, automóvil, avión, teléfono, radio, fotografía, cine...
- “Era do aceiro”: múltiples aplicacións, entre elas as militares.
- Industria mecánica: máquina de coser, máquina de escribir, bicicleta, automóvil...
- Industria do automóvil: Ford T.
- A produción masiva facilita o consumo masivo: modificacións dos sistemas de venda: venda a prazos, grandes almacéns, etc.
- Petróleo e automóvil (e barcos, avións, etc.).
- Industria química: fertilizantes, medicamentos, plásticos, explosivos, e tc.
- Nova organización do traballo: produción en cadea, taylorismo.

## **3. A EXPANSIÓN IMPERIALISTA**

### **3.1. Do colonialismo ao imperialismo**

- Fronte ao colonialismo anterior, o imperialismo supón a existencia dunha economía mundial.
- Causas: (docs. páxs. 148 e 161)
  - Económicas: búsqueda de novos mercados e de materias primas.
  - Políticas: carreira polo control de novos territorios; política de prestixio.
  - Demográficas: incremento da poboación europea (excedente de poboación).
    - “Misión civilizadora” e novidades científicas.
- Consecuencias:
  - Presenza europea nos cinco continentes.
  - Repartimento de África.
  - Novo mapa mundial.
  - Explotación económica das colonias.
  - Competencia entre os países colonizadores.

### **3.2. A hexemonía colonial británica**

- Enclaves estratéxicos para defender as liñas marítimas.
- India: “xoia da coroa”
- Colonias de poboamento.
- Colonias de explotación.

### **3.3. Repartimento de África** (mapas páxs. 150 e 151)

- 1870: África era un continente case descoñecido (enclaves costeiros).
- 1914: África estaba integramente repartido entre as potencias europeas (agás Liberia e Etiopía).
- Importancia do Canal de Suez.
- 1884-1885: Conferencia de Berlín
  - Inicitiva de Bismarck.
  - Dereito de ocupación: dende a costa ao interior.
  - Ríos Níxer e Congo de libre navegación (Conrad, *O corazón do negror*).

- O repartimento de Berlín non impediu os choques entre as potencias europeas.
- Consecuencias para as colonias (doc. páx. 163):
  - Construción de portos modernos.
  - Melloras sanitarias.
  - Explotación económica. Economías de enclave.
  - Fenómenos de aculturación: perda das culturas locais.
  - Desaparición das estruturas políticas preexistentes.

#### **4. A DEMOCRACIA AFIÁNZASE**

Ao longo da segunda metade do século XIX o sistema liberal (sufraxio, partidos e dereitos políticos, etc.) foise asentando nalgúns países da Europa Occidental, ao mesmo tempo que se desenvolvía o sistema imperialista.

##### **4.1. A política da democracia**

###### **Reino Unido**

- Raína Victoria.
- Sistema bipartidista: whig/tory
- Ampliación progresiva do dereito de voto.
- Prosperidade económica.
- Problema irlandés.
- Creación dun vasto imperio colonial.

###### **Francia**

- Creación da III República, despois da derrota na guerra franco-prusiana e da Comuna de París.
- Separación igrexa/estado (laicismo).

###### **Alemaña**

- II Reich (Bismarck).
- Sistema federal, con predominio de Prusia.
- Sistema liberal limitado.
- Orixes do sistema de protección social.
- Aparición dun forte partido socialista (SPD).

###### **Imperio austrohúngaro**

- Réxime autoritario.
- Mosaico de razas, linguas e relixións (sistema dual).

**CONCEPTOS:** deslocalización, holding, cártel, trust, proteccionismo, librecambismo, arancel, taylorismo, colonialismo, imperialismo, descolonización, whig, tory, Bismarck.

**COMENTARIO:** Acta da Conferencia de Berlín (páx. 162).

